

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Biólogos de Galicia renova a súa Xunta de Goberno.

D. José Pelayo Míguez, Director Técnico do Laboratorio Míguez & Muiños, é o novo decano e o vicedecano será o director do Parque Nacional das Illas Atlánticas, D. José Antonio Fernández

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2013.- O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA- convocou eleccións á súa Xunta de Goberno o pasado 21 de decembro. Despois do conseguente proceso electoral, o novo equipo de goberno electo, tomou posesión do seu cargo o 15 de febreiro, momento no que se informou das liñas de actuación que van guiar as actuacións do Colexio os vindeiros catro anos.

O biólogo **José Pelayo Míguez Baños**, Director Técnico do Laboratorio Míguez & Muiños, de Vigo, será o novo decano do COBGA. Ademais do Decano, conforman a Xunta de Goberno o Vicedecano, **José Antonio Fernández Bouzas**, actual Director do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia; a Secretaria, **Mónica Reguera Troncoso**, Responsable de Calidade do Laboratorio Míguez & Muiños; o Tesoureiro, **Fernando García Sanz**, Director da empresa de servizos ambientais Solproga; xunto con catro vocais: **Andrés Pilas Pérez**, Director da consultora AMBICAL, **Pedro Pablo Gallego Veigas**, ex Decano da Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo, **José Manuel Martínez Yriarte**, Responsable da Unidade de Patoloxía Molecular do Servizo de Anatomía Patolóxica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo e **Mª Mercedes Casal Jiménez**, Profesora Titular de Ecoloxía da USC, e Decana saínte do COBGA.

Ao Acto de Toma de Posesión asistiron a Conselleira do Medio Rural e do Mar, **Dª Rosa Mª Quintana Carballo** e o Presidente do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Biólogos, **D. Pere Camprubí i García**. Estiveron tamén presentes no acto a Sra. Decana da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago, o Sr. Decano da Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña e o Sr. Decano da Facultade de Ciencias do Mar da Universidade de Vigo, acompañados de moitos colexiados.

Nas súas palabras de despedida, a Decana saínte destacou a importancia que a Bioloxía ten como ciencia capaz de producir coñecementos e produtos útiles para a saúde, a alimentación, o medio ambiente e que son necesarios para a sociedade enteira.

Igualmente, no seu discurso de toma de posesión, Pelayo Míguez salientou as directrices extratécnicas da nova Xunta do COBGA, para os próximos catro anos, e que dun xeito resumido son:

- Unha maior presenza institucional e social do COBGA
- Unha maior implicación colexial nas actividades das Facultades de Bioloxía de Galicia
- Consolidar a estrutura e eficacia do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Biólogos
- Acercar máis se cabe o Colexio aos colexiados
- Dinamizar dun xeito máis eficiente o funcionamento das Comisións Sectoriais
- E por último, intentar aumentar a base colexial e conquistar con elo unha maior representatividade e solidez económica da institución

Doutra banda a nova Xunta de Goberno do COBGA aposta ademais por incrementar a xa iniciada colaboración coa Ordem dos Biólogos de Portugal, que “redundará nun beneficio interrexional dos profesionais dos dous países”.

O Colexio de Biólogos de Galicia conta neste intre con máis de 1.400 colexiados, dos cales o 60% son mulleres.

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia – COBGA

981 53 14 40